



Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

ANUNCIO

Pola resolución de Alcaldía núm. 103 / 2022, de data 7 de febreiro de 2022, resolveuse convocar o proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego da categoría de auxiliares administrativos/as e aprobar as seguintes bases específicas:

“BASES QUE HABERÁN DE REXER A CONVOCATORIA PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA POSTOS DE TRABALLO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DO CONCELLO DE PONTECESO” QUE SEXAN PRECISO CUBRIR CORRESPONDENTES A POSTOS SUBVENCIONABLES OU NO CASO DE VACANTES, BAIXAS, AUSENCIAS, ACUMULACIÓN DE TAREFAS OU PERÍODOS VACACIONAIS”

1- Obxecto da Convocatoria

É obxecto da presente convocatoria a selección de candidatos para formar unha bolsa de emprego para a cobertura temporal de postos de Auxiliar Administrativo coa finalidade de realizar nomeamentos de funcionarios interinos nos supostos previstos no art. 10 do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e segundo a natureza do posto de traballo nas contratacións laborais temporais en aplicación dos supostos previstos no artigo 15.1 do Estatuto dos Traballadores (realización de obras ou servizos determinados, acumulación de tarefas e substitución de traballadores con dereito a reserva do posto de traballo, baixas, vacacións e permisos regulamentarios).

Por mor da carga de traballo na tramitación de asuntos que demandan un reforzo urxente nos distintos departamentos da Administración Municipal, salientando a tramitación de expedientes de xestión da biomasa e aplicación da ordenanza municipal non fiscal para a protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais en relación coas operacións de saca de madeira, a administración electrónica por medio do TEDEC, SIR E SUBTEL, así como as necesidades xurdidas da pandemia do COVID, teletraballo, baixas e outras, e ao non poder cubrirse as substitucións das baixas de longa existentes no procedemento iniciado pola providencia da alcaldía de data 19-01-2022 ao renunciar os candidatos integrantes da lista de reserva, resulta preciso contar coa cobertura dunha bolsa de emprego para suplir aos traballadores que ocupan estes postos cando nas circunstancias antes descritas. Por todo isto considérase acreditada a necesidade e a urxencia da convocatoria.

As retribucións do posto serán as que figuran no Anexo de Persoal do Orzamento Municipal vixente para os postos de Auxiliar Administrativo, persoal laboral temporal, coas actualizacións legalmente establecidas nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado, e na contía bruta mensual de 1.555,90 euros, prorrate das pagas extraordinarias incluída, para o exercicio de 2022. O grupo de cotización será o 7, categoría profesional Auxiliar Administrativo.

Neste caso, e deixando claramente acreditadas as razóns da necesidade e da urxencia da formación dunha bolsa de traballo á que se incorporarán todos os candidatos solicitantes que resulten aprobados, aprobaranse a convocatoria e as súas bases e darase publicidade por medio da súa publicación no BOP, no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na sede electrónica municipal.

2.- Procedemento de selección.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

A selección efectuarase mediante oposición-concurso.

3.- Requisitos para participar no proceso selectivo:

- a) Ser español ou nacional dun Estado membro da Unión Europea ou de calquera daqueles Estados ós que en virtude de tratados internacionais Celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos establecidos na normativa Vixente, ademais, consonte co disposto pola Lei 17/1993, do 23 de decembro; así como no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico del Empregado Público, tamén poderán acceder á praza os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe —sempre que non estean separados de dereito- menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas.
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade.
- c) Estar en posesión ou en condición de obtela na data de terminación do prazo de presentación de instancias da titulación de Graduado en E.S.O. ou equivalente. As titulacións non expedidas en España deberán estar debidamente revalidadas polo Ministerio de Educación e Ciencia.
- d) Non padecer enfermidade nin defecto físico que lle incapacite para o desempeño das correspondentes funcións.
- e) Non atoparse separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas e dos órganos constitucionais ou estatutarios das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso de persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- f) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que aspira, sen que se padeza enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

4.- Presentación de instancias

Os que desexen tomar parte no procedemento selectivo para a formación desta bolsa de emprego presentarán a súa solicitude no modelo oficial, que figura no Anexo II a estas bases, e que se facilitará nas dependencias municipais gratuitamente.

Na solicitude manifestarán que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria e comprometeranse, no caso de ser como funcionario/a interino/a a prestar xuramento ou promesa de conformidade co RD 70/79.

As solicitudes dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente da Corporación Municipal, e presentaranse no rexistro xeral do Concello, no prazo de DEZ días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no B.O.P., sede electrónica municipal e taboleiro de anuncios, acompañaranse da seguinte documentación:



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

- Fotocopia do DNI
- Fotocopia da titulación requerida para o acceso ao posto.
- Relación dos méritos que aleguen os aspirantes pola orde que se establece na convocatoria, unindo á dita relación os documentos xustificativos dos mesmos (orixinais ou fotocopias compulsadas). Non serán tomados en consideración nin valorados os que non se acrediten debidamente en todos os seus extremos, no momento de presentación de instancias. O Tribunal non avaliará os méritos que non se aporten ou acrediten desta maneira.
- Fotocopia do CELGA 3 ou titulación equivalente

5°.- Admisión de aspirantes

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Sr. Alcalde-Presidente, ditará resolución na que se aprobará a lista provisional de admitidos e excluídos, e publicarase no Taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello (<https://sede.ponteceso.gal/opencms/es/informacion/tablon/>). Se houbera aspirantes excluídos indicarase a causa de exclusión, concedéndose un prazo de 2 días hábiles para a presentación de reclamacións, contados a partir do seguinte á súa publicación.

Nesta resolución figurará a composición do tribunal. Posteriormente o alcalde declarará aprobada a relación definitiva de admitidos e excluídos, publicándose no Taboleiro de Anuncios do Concello, Xunto á data do comezo do procedemento avaliado

Se non houbera reclamacións contra a lista provisional, quedará elevada automaticamente a definitiva, sen necesidade de nova publicación.

Os sucesivos anuncios, agás disposición en contrario, publicaranse no Taboleiro de Edictos do Concello e no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello.

6.- Comisión e tribunal de Selección.

Consonte cos artigos 55 e 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, co Real decreto 896/1991, polo que se establece as regras básicas e os programas mínimos aos que teñen que axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da administración local e co artigo 11 do Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado, aprobado por Real decreto 364/1995, o tribunal terá unha composición mínima de cinco membros, que terán dereito á percepción das indemnización por asistencias legalmente establecidas, e contará cos seguintes membros:

Presidente: Un/ha funcionario/a pertencente ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior á esixida par ao acceso á praza convocada ou quen legalmente a substitúa.
Secretaria/o: A da Corporación ou quen legalmente a substitúa

Vogais:

Tres funcionarios/as de carreira pertencentes ao grupo de clasificación profesional de titulación igual ou superior ao esixido para o acceso á praza convocada ou quen legalmente os substitúa.

Os integrantes do tribunal deberán absterse de formar parte destes, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, notificándoo á autoridade convocante, ou cando houberen realizado tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Os aspirantes poderán recusar os membros do Tribunal de acordo co artigo 24 da mencionada Lei.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal resolverá por maioría de Votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como adoptar as medidas necesarias para garantir a debida orde nas mesmas.

As resolucións do tribunal vinculan á Administración sen prexuízo de que esta, de ser o caso, poida proceder a súa revisión de acordo co previsto no artigo

O Tribunal poderá solicitar o asesoramento dos expertos ou especialistas que determine. Asemade, o Tribunal, se o estima preciso ou conveniente poderá dispoñer a incorporación ós seus traballos de asesores ou especialistas que actuarán como colaboradores do tribunal exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas. Estes asesores tamén terán dereito á correspondente compensación económica.

O Tribunal resolverá, no seu caso, tódalas dúbidas que xurdan na aplicación destas normas así como o que se deba facer nos casos non previstos.

O Tribunal será considerado de categoría terceira ao efecto da percepción de asistencias polos seus membros, consonte ao establecido no artigo 30 RD 462/2002, de 24 de maio.

7. PROCESO SELECTIVO

1. A selección realizarase mediante o sistema de oposición-concurso.
2. Dende a conclusión dunha proba ata o comezo da seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de vinte e catro horas dende a publicación das cualificacións do exercicio ou proba anterior, agás a proba de coñecemento da lingua galega que poderá coincidir o mesmo día coa realización doutra.
3. A citación realizarase colectivamente para todos os aspirantes cando a proba deba realizarse en acto colectivo.
4. Os aspirantes serán convocados en único chamamento, sendo excluídos do proceso selectivo os que non compareceran, agás nos casos de forza maior debidamente comunicados, xustificados e apreciados polo tribunal.
5. As mulleres embarazadas que prevexan a coincidencia do parto coas datas de realización de calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, achegando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes ao anuncio da data do exame e implicará o consentimento da interesada para permitir o acceso do tribunal ou do órgano convocante aos datos médicos necesarios relacionados coa súa situación. O tribunal, baseándose na información recibida, acordará se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, aprazala ou adoptar ambas as medidas conxuntamente. Contra tal acordo non caberá recurso, sen prexuízo de que as razóns da impugnación inclúanse en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.
6. Os aspirantes deberán presentarse a cada exercicio ou proba provistos do DNI, carné de conducir, pasaporte, ou outro documento que a xuízo do tribunal acredite fidedignamente o seu identidade. En calquera momento o tribunal poderá requirir aos aspirantes para que acrediten a súa identidade.
7. Os exercicios realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a das/os aspirantes, os membros do tribunal e as persoas designadas como colaboradoras do tribunal.
8. A publicidade de tódolos actos posteriores á convocatoria deste proceso selectivo realizarase



Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

por medio da súa publicación no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na sede electrónica municipal (<https://sede.ponteceso.gal/opencms/es/informacion/tablon/>).

A) FASE DE OPOSICIÓN: 0 a 60 puntos.

Primeiro exercicio.- Cuestionario tipo test.

Consistirá en contestar un cuestionario de 60 preguntas tipo test, e cinco preguntas reserva, relacionadas cos temas indicados no ANEXO I. Cada resposta correcta puntuará a razón de 1 punto, as respostas incorrectas restarán 0,20 cada unha.

Puntuarase ata un máximo de 60 puntos, tendo que acadar un mínimo de 30 puntos, os que non acaden o mínimo serán excluídos do proceso selectivo. O tempo máximo para a realización da proba será de 60 minutos

Segundo exercicio.- Proba de coñecemento da lingua galega.

Proba de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na tradución, sen dicionario, dun texto proposto previamente polo tribunal, poderá ser de castelán ao galego ou de galego ao castelán, nun tempo máximo trinta minutos. Este exercizo valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto

Estarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que acrediten posuír no día de remate do prazo de presentación de solicitudes o CELGA 3, ou equivalente.

Os aspirantes serán convocados para cada un destes exercicios en único chamamento, a publicidade realizarase mediante a inserción de anuncios na sede electrónica municipal (<https://sede.ponteceso.gal/opencms/es/informacion/tablon/>) e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, sendo excluídos os non presentados. En calquera momento o tribunal poderá requirir aos aspirantes que acrediten a súa personalidade coa exhibición do documento nacional de identidade.

B) FASE DE CONCURSO: 0 a 40 puntos.

Os méritos acreditados só se valorarán aos aspirantes que acaden o aprobado na fase oposición, e a súa valoración realizarase consonte ás seguintes regras:

1.- Experiencia profesional en postos de traballo da mesma categoría laboral e con un contido funcional análogo ao do posto de traballo obxecto da convocatoria, puntuarase ata un máximo de 25 puntos.

- a) Por cada mes de servizo na Administración Local I: 1 punto por cada mes acreditado.
- b) Por cada mes de servizo nunha Administración Pública (distinta da A. Local): 0,75 puntos por cada mes acreditado.
- c) Por experiencia profesional en entidades sen ánimo de lucro, fundacións, empresas públicas ou privadas: 0,25 puntos por cada mes acreditado.

Os extremos anteriores acreditaranse mediante certificación expedida polo órgano competente da administración ou mediante a presentación dos contratos de traballo que inclúan a descrición do traballo realizado. En ámbolos dous casos deberase achegar o informe de vida laboral. Non se terán en conta os períodos inferiores ao mes.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

2. Cursos de formación. Pola realización de cursos relacionados coas función a desenvolver impartidos ou homologados por unha Administración Pública ou Universidade Pública. Ata un máximo de 10 puntos:

Puntuarase:

- 0,25 por cada curso igual o superior a 10 horas.
- 0,50 por cada curso igual ou superior ás 20 horas.
- 0,80 por cada curso igual ou superior ás 50 horas.
- 1 punto por cada curso igual ou superior ás 100 horas.

Os cursos de menos de 10 horas de duración non serán valorados. Nos documentos acreditativos da realización dos cursos, deberá constar a duración dos mesmos, de non figurar, entenderase que teñen menos de 10 horas e polo tanto non serán valorados. Os títulos e diplomas ou certificados de cursos acreditaranse mediante a aportación de fotocopia dos mesmos. Non serán obxecto de avaliación os certificados expedidos por academias privadas.

Os méritos alegados e non acreditados na forma anteriormente relacionada non se valorarán.

3.- Formación universitaria (puntuación máxima 3 puntos):

- Estar en posesión de titulación universitaria: 2 puntos.
- Por cada 30 ECT (créditos) en másters ou cursos de postgrao relacionados co posto de traballo: 0,5 puntos. (Aos efectos do seu baremo considerárase que 1 ECT equivale a 25 horas): Máximo 1 punto.

4. Coñecemento da lingua galega (só se valorará o de maior puntuación): puntuación máxima 2 puntos:

Certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega:

- Curso de Perfeccionamento ou Celga 4: 0,75 puntos.
- Linguaxe administrativa nivel medio ou equivalente segundo a Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 1 punto.
- Linguaxe administrativa nivel superior ou equivalente segundo a Orde 13/06/2011, DOG 24 de xuño: 1,50 puntos.
- Celga 5, Licenciado en Filoloxía galega ou Filoloxía hispánica (subsección galego-portugués), grao en Lingua e literatura galega, grao en Filoloxía Galega ou Galego-Portuguesa, certificado do ciclo superior de galego ou certificado do nivel C2 de lingua galega previsto no Real Decreto 47/1992, do 24 de xaneiro, ou as validacións establecidas na Orde de 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde de 16-07-2007, pola que se regulan os certificados oficiais dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga 5): 2 puntos.

Só se valorará o título de maior nivel. Só se concederá validez aos cursos, estudos ou titulacións homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística. A puntuación máxima a acadar neste apartado será de 2 puntos.

Os méritos alegados e non acreditados na forma anteriormente relacionada non se valorarán.

8. RESOLUCIÓN DO PROCESO SELECTIVO.



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

1. A puntuación total dos participantes virá determinada, pola suma dos puntos obtidos na fase de concurso e na fase de oposición, cunha puntuación máxima de 100 puntos. En caso de empate, terán preferencia os participantes que obteñan a maior puntuación na fase de oposición. Se persiste o empate, terán preferencia os candidatos que obtivesen maior puntuación no primeiro exercicio da fase de oposición e no caso de persistir os que obtivesen maior puntuación na fase concurso. De persistir o empate resolverase por sorteo público que se celebrará en acto público na data que se determine polo Tribunal.

2. O tribunal publicará na sede electrónica a relación de candidatos que superaron o proceso selectivo, ordenados por orde de puntuación, con indicación da puntuación final obtida por cada un dos candidatos, así como as notas parciais de cada unha das fases do proceso selectivo.

O acordo do tribunal establecendo a orde de clasificación de aspirantes e a proposta de nomeamento poderá recorrerse en alzada perante a Alcaldía, sen prexuízo da presentación de alegacións aos acordos de avaliación dos exercicios na fase de oposición ou concurso. Para a presentación de alegacións os interesados disporán dun prazo de dous días hábiles a partires da publicación dos resultados.

3. Corresponderá ao Alcalde, mediante Resolución, a aprobación da relación de candidatos que superaron o procedemento de selección e a súa orde de prelación ós efectos da formación da bolsa de emprego.

4. Os candidatos/as seleccionados deberán presentar no prazo de cinco días hábiles, a partires da aprobación da bolsa de emprego a documentación orixinal ou compulsada que se menciona na base IV, así como a correspondente aos méritos alegados.

Os candidatos seleccionados deberán presentar a documentación dentro do prazo fixado, salvo os casos de forza maior debidamente apreciados, e no caso de que se observara que a documentación presentada carecera dalgún dos requisitos esixidos nestas bases quedarán excluídos do proceso selectivo, sen prexuízo da responsabilidade en que se puidera incorrer por falsidade na solicitude de participación ou na documentación achegada.

9.- FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO

1. Cos candidatos que superen o proceso selectivo formarase unha bolsa de emprego pola orde decrecente da puntuación total obtida, que será empregada para o chamamento de candidatos coa finalidade de realizar nomeamentos de funcionarios interinos nos supostos previstos no art. 10 do RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e segundo a natureza do posto de traballo nas contratacións laborais temporais en aplicación dos supostos previstos no artigo 15.1 do Estatuto dos Traballadores (realización de obras ou servizos determinados, acumulación de tarefas e substitución de traballadores con dereito a reserva do posto de traballo, baixas, vacacións e permisos regulamentarios). Soamente poderá prescindirse desta Bolsa de emprego cando existan candidatos da lista reserva para postos de auxiliar administrativo aprobada pola resolución da alcaldía núm. 23/2022 de data 14-01-2022 e as súas actualizacións posteriores, aplicación doutra norma de rango legal ou regulamentario, ou no caso de contratacións financiadas con subvencións públicas a súa normativa reguladora imponha a utilización dun procedemento de selección diferente, ou a esixencia de requisitos ou a valoración doutros criterios de selección diferentes ós destas Bases. A lista de candidatos que superen o proceso selectivo da bolsa de emprego aprobarase pola alcaldía.

2. O nomeamento dos aspirantes efectuarase atendendo á súa clasificación na bolsa de emprego, por orde decrecente de puntuación, que virá determinada pola suma total das puntuacións acadadas no proceso selectivo.



Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028
Fax: 981 715 028
concello@pontevedra.gal
www.pontevedra.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTEVEDRA
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTEVEDRA (A Coruña)

3. Os chamamentos realizaranse por vía telemática e telefónica, ao enderezo electrónico e número de teléfono facilitados aos efectos, efectuándose, como mínimo, dúas comunicacións con un intervalo mínimo de 5 horas, deixando constancia incorporada ao expediente. Os que non respondan neste prazo serán excluídos da bolsa. Coa finalidade de posibilitar a mellor tramitación do procedemento, os/as interesados/as son responsables de comunicar ao concello calquera alteración do seu número de contacto. O/a empregado/a público que efectúe as comunicacións de chamamento fará constar mediante dilixencia a disposición do interesado a cubrir o posto para o que se realice o chamamento. De non atender os chamamentos no prazo de 48 horas, contadas desde o último realizado, entenderase que o aspirante desiste do mesmo e excluírase da bolsa de emprego. Deixarase constancia documental no expediente.

4. Os integrantes da bolsa de emprego non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda ao remate do nomeamento ou contratación para a que son chamados e retornarán ao posto que novamente lles corresponda na lista.

5. Os integrantes da bolsa de emprego que, sendo convocados para facer efectiva a contratación non atenderan ao chamamento, non se presentaran ou renunciaran sen causa xustificada, ou que renunciaran a continuar desempeñando un posto para o que fosen nomeados ou contratados en aplicación destas bases serán excluídos da mesma.

Consideraranse como causa xustificada para a renuncia ao chamamento, entre outras, as seguintes:

A) Estar desenvolvendo un traballo remunerado en virtude de relación laboral ou funcional nas datas para as que se efectúa o chamamento.

B) Estar cursando estudos cuxo horario lectivo sexa incompatible co do posto para o que se efectúa o chamamento ou estar convocada a realización de exames nas datas para as que se efectúa o chamamento.

C) Atoparse en situación de incapacidade médica que impida de xeito temporal o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo.

D) Atoparse, en caso de maternidade, dentro das 16 semanas seguintes ao nacemento, adopción ou acollemento (período que se ampliará en 2 semanas mais por cada fillo a partires do segundo), no caso de paternidade, dentro das 4 semanas seguintes ao nacemento, adopción ou acollemento (período que se ampliará en 2 días hábiles mais por cada fillo a partires do segundo) ou ter ao seu cargo a atención de familiares ata o segundo grao.

O candidato deberá acreditar documentalmente a efectiva concorrencia da causa que alegue para renunciar ao chamamento.

Mediante Resolución da Alcaldía determinarase a procedencia da aceptación ou rexeitamento das causas alegadas polos candidatos para a renuncia ao chamamento e/ou ao posto de traballo, así como a exclusión da bolsa de emprego.

6. A aceptación dun chamamento suporá a suspensión dos chamamentos.

7. Os integrantes da bolsa de traballo que non se atopen prestando servizos á Administración ou á empresa privada poderán solicitar a suspensión das citacións mediante solicitude formulada a tal efecto. Dita solicitude, que será irrenunciable, terá efectos suspensivos nas citacións. Os seus efectos produciranse desde o décimo día natural seguinte contado desde a presentación da solicitude de suspensión no rexistro do órgano competente. O tempo de duración desta, a elección



Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

da/o interesada/o, será de dous, seis ou doce meses, segundo o solicite o interesado, computados desde a data de efectos da suspensión.

8. Unha vez compareza o aspirante chamado segundo o orde da bolsa de traballo, mediante Resolución da Alcaldía procederase ao seu nomeamento ou contratación para o desempeño do posto de traballo correspondente.

9. O cese producirase cando aconteza a causa de extinción do contrato de traballo ou cando se produzan algún dos supostos previstos no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, ou 2/2015, de 23 de outubro, segundo sexan funcionarios interinos ou persoal laboral temporal.

10. A bolsa de emprego terá unha vixencia de dous (2) anos contados desde a súa aprobación, no caso de nomeamentos ou contratacións realizadas durante a súa vixencia para o seu remate estarase ao disposto na lexislación de aplicación segundo sexan funcionarios interinos ou contratacións laborais temporais.

10.- PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade co previsto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase que os datos incorporados á presente convocatoria son necesarios e teñen como finalidade tramitar a súa solicitude. Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos nos termos previstos na citada Lei Orgánica, dirixíndose por escrito ao Concello de Ponteceso, Rúa Concello 18, 15110 Ponteceso.

11.- IMPUGNACIÓN

Contra as presentes bases, cuxo acordo aprobatorio é definitivo na vía administrativa poderá interpoñerse polas persoas interesadas lexitimadas un dos seguintes recursos:

a) Recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recorrido, no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da publicación das bases no Boletín oficial da provincia da Coruña. Se transcorrese un mes desde o día seguinte ao da interposición do recurso de reposición sen que este fose resolvido, poderá entenderse que foi desestimado e interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade da Coruña no prazo de seis meses.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación das bases no Boletín oficial da provincia da Coruña.

Contra cantos actos administrativos definitivos derivados das presentes bases poderán ser interpostos os oportunos recursos polos interesados, nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común, e na Lei 29/98, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

12. DISPOSICIÓN FINAL.

A fin de posibilitar a presentación das solicitudes a que se refire as presentes bases a través do Rexistro Electrónico, procederase á aprobación dos modelos de documento electrónico que a



CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

continuación se relaciona, o cal se remitirá pola vía telemática mediante os sistemas de sinatura electrónica legalmente admitidos:

Anexo I, solicitude de admisión a probas selectivas do Concello de Ponteceso.

Anexo II, temario.

ANEXO I

TEMARIO

1. A Constitución Española de 1978.
2. As administracións públicas no ordenamento español. A Administración Xeral do Estado. A Administración das comunidades autónomas. A Administración Local. A Administración institucional.
3. O Estatuto de Autonomía de Galicia.
4. A Organización da Unión Europea. O Consello, o Parlamento Europeo, a Comisión Europea e o Tribunal de Xustiza da Unión Europea.
5. Principios de actuación da Administración pública: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación.
6. O procedemento administrativo: concepto e clases.
7. As fases do procedemento administrativo: iniciación, ordenación, instrución e terminación. O silencio administrativo.
8. Rexistro de entrada e saída de documentos. Requisitos na presentación de documentos. Comunicacions e notificacións.
9. O acto administrativo: concepto, clases e elementos. Motivación e notificación.
10. Eficacia dos actos administrativos. Executividade. Execución forzosa. Suspensión. Validez e invalidez dos actos administrativos. Validación. Conservación e conversión.
11. Revisión dos actos administrativos. Revisión de oficio. Recursos administrativos: principios xerais.
12. O municipio: concepto, elementos, competencias. A organización municipal. Pleno, Xunta de Goberno, Alcalde. Competencias.
13. Potestade regulamentaria local. As ordenanzas. Os regulamentos. Os bandos. Funcionamento dos órganos colexiados locais. Réxime de sesións e acordos.
14. Os contratos administrativos. Clasificación e regulación legal. A selección do contratista. Execución, modificación, suspensión e extinción dos contratos. Invalidez dos contratos.
15. O persoal ó servizo das entidades locais. Funcionarios, persoal laboral, persoal eventual.
16. Réxime Xurídico dos funcionarios locais. Dereitos, deberes, réxime disciplinario, situacións administrativas, dereitos económicos.



Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

17. A Lei Reguladora das Facendas Locais: Ámbito de aplicación. Os recursos das Facendas Locais. Os ingresos de dereito privado das Entidades Locais. Os prezos públicos: concepto e regulación. O orzamento municipal.

18. Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, obxecto e ámbito de aplicación, provisión de postos de traballo e situacións administrativas. Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, obxecto, principios e ámbito de aplicación, e dereitos e deberes individuais dos empregados públicos.

19. Ordenanza reguladora da administración electrónica do Concello de Ponteceso (BOP núm. 22 de 31-01-2013).

20. Ordenanza municipal non fiscal para a protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais en relación coas operacións de saca de madeira. (BOP núm. 187 de 01-10-2018).

21. Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa. (BOP núm. 198 de 16-10-2014).

22. Ordenanza municipal non fiscal reguladora da xestión da biomasa e distancia das plantacións do Concello de Ponteceso (BOP núm. 149 de 07-08-2018).

23. Ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar (Publicación definitiva BOP Nº 53 de 19-03-2014).

24. Ordenanza municipal para as axudas para a inserción-emerxencia social do Concello de Ponteceso. (Publicación definitiva BOP Nº 69 de 24-03-2006).

25. Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Obxecto e ámbito de aplicación. Principio de igualdade e tutela contra a discriminación. Principios das políticas públicas para a igualdade.

26. Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal. Obxecto e réxime xurídico. Principios da protección de datos. Dereitos dos cidadáns.

ANEXO II

MODELO DE INSTANCIA

D. /Dna., maior de idade, co DNI número , con enderezo a efectos de notificacións en....., localidade , CP.....

E-Mail.....

EXPÓN:



Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL:01150682
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

I.- Que ten coñecemento da convocatoria publicada para a selección dos aspirantes que, logo de aprobar o proceso selectivo, formarán unha bolsa de emprego para os postos de **Auxiliar Administrativo/a** que sexa preciso cubrir nos casos de posibles subvencións, vacantes, baixas, vacacións, acumulación de tarefas ou ausencias dos titulares, tanto de persoal funcionario como laboral temporal.

II. - Que estou en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases de selección, en especial na base 3. Bases que declaro expresamente coñecer.

Polo exposto, SOLICITO:

Ser admitido/a no correspondente proceso selectivo, achegando estes efectos a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI
- Fotocopia da titulación requerida para o acceso ao posto. (Graduado en ESO ou equivalente)

Outra documentación (no seu caso):

- Relación dos méritos que aleguen os aspirantes pola orde que se establece na convocatoria, unindo á dita relación os documentos xustificativos dos mesmos (orixinais ou fotocopias compulsadas).
- Fotocopia do CELGA 3 ou titulación equivalente

En Ponteceso, a de 2022

Asinado:”

O que se publica aos efectos de publicidade da convocatoria e bases do proceso selectivo, para que os interesados/as presenten no prazo de DEZ (10) días hábiles, contados desde o seguinte ao de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP), as súas solicitudes de participación.

Ponteceso, 8 de febreiro de 2022

O alcalde

Xosé Lois García Carballido